

Follas do Cineclub | 27/11/2019

*Camada negra*  
(Camada negra,  
Manuel Gutiérrez Aragón,  
Estado Español, 1977, 89', VO)

01

A loita contra a censura administrativa tivo varias fronteiras: dunha banda, a popular, a do público que esixía o seu dereito a se informar do cinema que se facía fóra das súas fronteiras e a se informar, do mesmo xeito, do que aquí, mal que ben, se quería facer. Doutra banda, o da industria cinematográfica –produtores, distribuidores e exhibidores–, que vían como escapaba a posibilidade de aumentaren os seus dividendos nas viaxes que os españois podentes facían a Biarritz ou Perpiñán. Estes “industriais” vían con claridade que os criterios da censura ían en contra dos seus intereses comerciais: que a proxección en España de *O último tango en París* [*Ultimo tango a Parigi*, Bernardo Bertolucci, 1972] non ía minar ningún dos estamentos sobre os que eles se erguían.

Pero, naturalmente, o “liberalismo” dos “industriais” tiña os seus límites. Non por acaso eles eran parte dos que se beneficiaban coa política da represión. E agora, cando xorde unha anécdota inimáxinábel, desvélese con bastante claridade quen é quen e por que.

O filme *Camada negra*, de Manuel Gutiérrez –director de *Fala, mudiña* [*Habla, mudita*, 1973]–, producida por José Luis Borau, tras ser retido polo comité censor do ex Ministerio de Información e Turismo, foi aprobado na súa totalidade grazas ao premio que recibiu no último Festival de Berlín. (Xa se sabe que, entre outros mecanismos, o da censura administrativa contou sempre coa posibilidade de utilizar o cinema español como proba da moita liberdade que aquí dentro se respiraba.) As razóns que se aduciron para a prohibición foron “de orde pública”: temíase un ataque da extrema dereita aos locais onde a película se exhibise. Razón que suporía no seu equivalente o peche inmediato de todas as librarías do país por temor a eses ataques ou a anulación do resultado das eleccións para non disgustar aos “incontrolados”. Estraño razoamento que quedou anulado mecanicamente cando *Camada negra* foi premiada en Berlín e podía coñecerse no estranxeiro a nova da prohibición.

A relación entre “incontrolados” e o filme encóntrase no mesmo argumento deste: un grupo de mozos fascistas destrozan librarías, viven en comunidade, relaciónanse coa Dirección Xeral de Seguranza... Un rapaz novo, que vive con eles, quere emulalos, quere sentirse “home”, quere ser tamén un heroe...

Porén, este esquema argumental non responde realmente á realidade do filme. *Camada negra* non é tanto un filme “de denuncia” da realidade dos “incontrolados” (aínda que dalgún xeito queda explícita) como unha valoración do sentido da heroicidade nos nosos tempos. Iso é o que, antes da prohibición, dicía o seu

(tirado de Triunfo, 10 sep. 1977, Año XXXII, n. 763, p. 42)

No momento no que teoricamente desapareceu a censura cinematográfica administrativa, vanse descubriendo novas variantes de censura, vaise vendo quen e por que mantiveron durante corenta anos os resortes desa censura e o que esta, en definitiva, significaba como voceira da única clase que aquí tivo voz. Esporadicamente, fomos vendo que as decisións do comité censor non tiñan validez ningunha cando se trataba de tocar temas que afectaban a estamentos fortes desa clase dirixente. *Cancións para despois dunha guerra* [*Canciones para después de una guerra*, Basilio Martín Patino, 1976], por exemplo, foi aprobada no seu día polo comité censor, e posteriormente prohibida por persoas concretas que non tiñan nada a ver con ese comité.

# A ETRAÑA PROHIBICIÓN DE CAMADA NEGRA

DIEGO GALÁN

director: "Aínda que o filme, nunha primeira lectura, sexa sobre os incontrolados, realmente trata do heroísmo. Até tal punto que eu teño certo temor de que o espectador saia un pouco defraudado se cre que vai ver un testemuño sobre a extrema dereita, porque non é un documental, senón que ten un tratamento distanciado, como de conto (...). É dicir, dalgún xeito, o tratamento que lle dei ao heroe do filme é o mesmo que se lle pode dar nun 'western' a un 'heroe positivo': o espectador vai estar atrapado nunha contradición, en canto que nun filme feito por alguén de esquerdas adoita haber malos e bos, dereita e esquerda. Porén, aquí o que acontece é que o tratamento narrativo, e digo narrativo, que se lle deu ao filme é o tradicional que se dá aos heroes positivos e non aos negativos".

Un filme que se achegue á realidade do país como o fai este, collendo polos cornos un dos seus problemas máis evidentes, non é algo habitual. Os empresarios das salas de cinema aceptan facilmente un cinema "de esquerdas" críptico, "artístico", a condición de que sexa rendíbel. Se por moitos anos se pecharon en banda á posibilidade de que un cinema distinto tivese lugar nas súas pantallas (até o punto de que a Dirección Xeral de Cinema creou no seu día unha lei de protección pola que as salas de cinema españolas estaban obrigadas a proxectar un filme español por cada catro estranxeiros), agora "abren a man" cando ese cinema é tanto ou máis comercial que o de Alfredo Landa.

Pero non están dispostos a tolerar nas "súas" pantallas a exhibición dun filme que directa e claramente fale dun perigo como o dos "incontrolados". E *Camada negra* foi prohibida polos propios exhibidores. José Luis Borau, produtor do filme, non atopa local de estrea en Madrid: "Uns teñen medo da consabida bomba, outros manexan diñeiro da extrema dereita e outros son franquistas convencidos, como eles mesmos recoñecen".

José Estaban Alenda, distribuidor, explicaba en *Diario 16* como foi atopando as portas pechadas: "Percorrín os principais despachos de exhibición de Madrid e Barcelona, e tras unha peregrinaxe de varios meses non teño nin un só contrato asinado para poder presentalos. As declaracións de Alenda (distribuidor, igualmente, de *Cancións para despois dunha guerra*, *Viridiana* [Luis Buñuel, 1961], *Queridísimos verdugos* [Basilio Martín Patino, 1977] e *Furtivos* [José Luis Borau, 1975]) eran apostiladas por Fernando Gracia, que dicía: "Os exhibidores de Madrid e Barcelona posúen auténticos feudos cinematográficos adquiridos na época do fran-

quismo. Entre os potentísimos empresarios madrileños pode citarse a García Ramos, con máis de 23 salas; Julián Reyzábal, con máis de 25 salas; Ezquerria, con oito locais... A estrea, na época do franquismo, do filme de Sáenz de Heredia *Franco, ese home* [Franco, ese hombre, 1964] mobilizou a todos os propietarios de salas, que se disputaban o dereito da súa estrea".

Probabelmente, *Camada negra* acabe estreándose discretamente nalgún pequeno local. Pero, como nos di Borau "mentres tanto, o tempo pasa, a historia pode chegar perder actualidade, e o diñeiro invertido segue invertido sen producir un céntimo e, o que é peor, sen que se poda dispoñer del para outro proxecto. É aterrador comprobar unha e outra vez que, no noso país, é precisamente quen quere facer algo ambicioso e digno quen máis sofre, a quen non se lle perdoa. Até o punto de que despois de feito o filme é cando comeza o período máis duro e perigoso, e na súa defensa é onde un ten que gastar as mellores enerxías.

## CINECLUBE DE COMPOSTELA

### ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) [cineclubedecompostela.wordpress.com](http://cineclubedecompostela.wordpress.com) [facebook.com/cineclubedecompostela](https://facebook.com/cineclubedecompostela) @cineclubedecompostela@gmail.com

### PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€



### MÉRCORES 4

"CAMADA NEGRA"  
(Camada negra, Manuel Gutiérrez Aragón, Estado Español, 1977, 89', VO)

### MÉRCORES 11

"O OLLO DE VICHY"  
(L'œil de Vichy, Claude Chabrol, Francia, 1993, 110', VOSG)

### MÉRCORES 18

"PRIVILEXIO"  
(Privilege, Peter Watkins, Reino Unido, 1967, 103', VOSG) Presentada por José Manuel Sande